

CONVOCATORIA DE UTILIZACIÓN DE ESPAZOS NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN TECNOLÓXICO INDUSTRIAL (MTI) 2014

LIMIAR

A Universidade de Vigo ten por compromiso estatutario acadar as máximas cotas de calidade investigadora promovendo a investigación como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade. Ao abeiro do Art. 136 dos Estatutos, a Universidade pode promover a creación de estruturas de investigación, co obxectivo de proporcionar as infraestruturas necesarias para manter e mellorar o nivel científico acadado, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos externos, e subministrar servizos centralizados a esta e outras universidades, centros de investigación públicos ou privados, asociacións e empresas. Neste obxectivo, os Centros de Apoio á Investigación ofrecen apoio de carácter científico e tecnolóxico aos investigadores e investigadoras da Universidade, de outros organismos públicos de investigación e as empresas, e proporcionan equipos e instalacións cuxa especificidade, alto nivel tecnolóxico ou custo facen aconsellable a súa adquisición e mantenza de xeito centralizado.

Un dos eidos estratéxicos da actividade de I+D+i na Universidade de Vigo é o do deseño e produción industrial e a investigación aplicada en temas como a enerxía, automoción, ciencia e tecnoloxía dos materiais ou medio ambiente, sempre dende unha perspectiva de eficiencia, sustentabilidade e interacción có sector industrial. Un número significativo de grupos de investigación altamente competitivos, de gran proxección e cunha alta capacidade de captación de recursos externos desenvolven a súa actividade no devandito eido temático. Neste contexto, o Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI) constitúese como Centro de Apoio á Investigación (CAI) da Universidade de Vigo, dependente da Vicerreitoría de Investigación, co obxectivo de específico de proporcionar infraestruturas singulares necesarias para manter e mellorar o nivel científico-tecnolóxico acadado, proporcionar valor engadido e vantaxes competitivas para a captación de recursos.

A Vicerreitoría de Investigación fai pública unha convocatoria para a solicitude de utilización de espazos de investigación no Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial (MTI) coas seguintes características:

TIPOS DE ESPAZOS

Hai dous tipos de espazos: zonas susceptibles de cesión a grupos de investigación de acordo ás condicións fixadas na presente convocatoria, e zonas comúns a todo o persoal usuario.

Zonas susceptibles de cesión a grupos de investigación:

- 745 m² de nave-taller na planta 1
- 570 m² de espazos de investigación nas plantas 3 e 4

Os espazos de nave-taller e de investigación serán repartidos en módulos, segundo o tamaño e a actividade do grupo, e poderán ser de uso exclusivo ou compartido entre varios grupos de investigación. Unha parte do espazo quedará reservado para o desenvolvemento de proxectos específicos e/ou a asignación a investigadores de nova incorporación á Universidade de Vigo.

Zonas comúns a todo o persoal usuario:

- Espazos comúns, e cuartos de instalacións en plantas 1 a 4
- Sala de xuntas, seminario, espazos de administración en planta 3

CESIÓN DE ESPAZOS A GRUPOS DE INVESTIGACIÓN

O uso de espazos debe ser solicitado á Vicerreitoría de Investigación polo investigador ou investigadora responsable do grupo de investigación solicitante segundo o impreso publicado na páxina web da Universidade, no apartado “Investigación” << “Centros propios de Investigación”. As concesións de espazos serán aprobadas pola Comisión de Investigación, a proposta da Vicerreitoría e có informe previo da Dirección do MTI.

A concesión de espazos no MTI terá unha duración máxima de 3 anos. De cara a optimizar o uso, a Comisión de Investigación realizará unha revisión anual da utilización dos espazos para comprobar que a mesma se axusta ao especificado nas solicitudes, e en caso de que o grao de utilización das mesmas sexa claramente inferior ao especificado, poderá propoñerse a revogación da concesión.

Considerando as limitacións de espazo no MTI admitiranse e priorizaranse peticións conxuntas presentadas por máis de un grupo de investigación, en tal caso a avaliación terá en conta a suma dos méritos dos grupos solicitantes. Así mesmo a Vicerreitoría de Investigación resérvase a posibilidade de recomendar a concesión compartida dun espazo a dous ou máis grupos peticionarios en función da dispoñibilidade de espazos e a compatibilidade de usos dos mesmos.

A utilización de espazos cedidos no MTI poderá levar aparelladas unhas tarifas que serán publicadas anualmente xunto cos orzamentos da Universidade.

Criterios de concesión

Requisitos mínimos:

- Ser un grupo de investigación do ámbito tecnolóxico rexistrado no SUXI-XC, que cumpra os requisitos indicados no apartado 1.1.a. da “Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo”, dispoñible en http://uvigo.es/uvigo_gl/investigacion/normativa/imasd.html.
- Ter unha traxectoria continuada de actividade de I+D+i no eido das tecnoloxías e procesos industriais e ter necesidade demostrable do tipo de espazo proporcionado polo MTI.

Indicadores para avaliación e selección:

- Consideración do grupo durante o ano 2013 de Grupo de Referencia Competitiva ou Grupo de Potencial Crecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia
- Desfrute polo grupo dunha axuda “Contrato-programa con grupos de investigación” da convocatoria de Axudas á investigación 2013 da Universidade de Vigo
- Producción de investigación e Producción de transferencia recente dos membros do grupo
- Sexenios dos membros do grupo
- Proxectos de investigación ou contratos de I+D vixentes no eido da produción industrial
- Valor engadido para a investigación do grupo que se desprende do uso do espazo solicitado

Para a avaliación poderase ter en conta a produtividade do grupo (relación méritos/tamaño do grupo).

DEREITOS E OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

A concesión de espazos no MTI leva aparelado:

- o uso en exclusiva do espazo asignado por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude durante o período de vixencia da concesión
- o dereito de acceso ás áreas comúns e de uso compartido do equipamento común do Centro por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude

Os persoal investigador usuario do MTI deberá respectar a Normativa de Centros de Apoio á Investigación da Universidade de Vigo e a Normativa de funcionamento interno específica do Centro. Así mesmo, os usuarios destes novos espazos de investigación que empreguen organismos vivos, sustancias tóxicas e/ou equipamentos perigosos deberán estar informados da lexislación existente respecto ao coidado, manipulación e transporte dos mesmos, e comprometeranse a cumprir dita lexislación. No caso de emprego de algunha destas sustancias tóxicas ou organismos é indispensable comunicar á Oficina de Medio Ambiente da Universidade de Vigo as cantidades e características co obxecto dunha axeitada recollida de residuos tóxicos e perigosos.

Os grupos aos que se lles conceda espazo no MTI non están obrigados a deixar libres os espazos que ocupan nos seus respectivos centros, podendo non obstante manifestar a seu desexo e intención de facelo, de ser o caso.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes, no formato oficial dispoñible na web da Universidade no apartado “Investigación” << “Centros propios de Investigación”, presentaranse en calquera dos rexistros oficiais da Universidade antes das 14 horas do día 11 de abril de 2014. Adicionalmente, enviarase unha copia escaneada da solicitude ao enderezo electrónico vicinv@uvigo.es.